



www.cigservizos.org

ASEMBLEA DE TRABALLADORES/AS DO COMERCIO DE ALIMENTACIÓN

Ante as posicións inamovibles da patronal do Comercio de Alimentación, que insiste, reunión tras reunión, en ofrecernos unha diminución importante das condicións actuais, entre outras cousas:

- Vixencia: 4 anos.
- Incremento salarial para o ano 2009 do 1%, con **baixada de salario** se o IPC a final de ano é menor.
- Rebaixa da porcentaxe de pagamento da hora extra.
- Eliminación da nocturnidade para case todo o persoal.

Por outro lado, non aceptan ningunha das nosas reivindicacións (regulación de xornada, categorías, horarios...). Este sector non está en crise, a patronal só quere aproveitarse das circunstancias e negarnos unha vez máis as melloras que nos merecemos.

TEMOS QUE REACCIONAR

As Centrais Sindicais CC.OO., CIG, UXT e USO, convocámosvos a unha **ASEMBLEA a celebrar o próximo DÍA 5 DE OUTUBRO, ÁS 22:15 HORAS.**

LUGAR: Salón de actos do edificio de sindicatos da Coruña (Avda. de Alfonso Molina, detrás da SEAT).

Na provincia de Pontevedra, onde tamén se está negociando, xa celebraron asembleas ás que acudiron moitos traballadores que apoian as nosas reivindicacións. Sexamos solidarios e non nos quedemos atrás unha vez máis.

PARTICIPA NA ASEMBLEA. DEMOSTRÉMOSLLE Á PATRONAL QUE SI NOS INTERESA O NOSO FUTURO.